



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

...

Ghracias a Dios, Dio-lo paghe,
témola ghata tendeira
de día dorme na tenda
de noite en la borralleira.

Estimaba de ter ver-e
cada día súa ves-e,
seis días tén a somana
trinta días tén o mes-e.

Pensabas que te quería,
ese foi enghaño teu-e,
nesa túa bonitura
non me namoraba i-eu-e.

Quero máis unha xalleiriña
vestida de lan e liño
ca unha beghantiñana
vestida de pano fino.

Silva verde, non me prendas
que non ´stou na miña terra,
nunca me silva prendiu-e
que non me seibase dela.

Se souberas como teño
o meu corasón por dentro,
unha fala non- a dabas
nin tiñas atrevemento.

Cada ves que considero
qu´eu de ti m´hei d´acordar-e
énchensem´o ollos d´augha
e o corasón de pesar-e.

Ben te vin entrar na misa
ben te vin arrodillar-e
tiñ´o pensamento en ti,
i-o corasón no altar-e.



No quero que a misa vayas
ni a la ventana te asomes,
ni tomes aghua bandita
donde la toman los hombres.

Pequeniñas e ben feitas
así as quer'ó meu Pedro,
nin pequeniñas de todo
nin ghrandes que poñan medo.

Ben te vin entrar na misa
ben te vin arrodillar-e
tiñ'ó pensamento en ti,
i-o corasón no altar-e.
A la la...

/:Ehí veñen, ehí van:/,
sardiñas fresquiñas
/:das tres da mañán (x3),
ehí veñen, ehí veñen
ehí veñen ehí van.

Este pandeiro que toco,
este que teño na man
era da miña cuñada
da muller de meu irmán-he.

O anillo do meu dedo
corre pola carretera,
non me pesa-lo anillo,
pésame de quen o leva.